

ARTE CONCEPTUAL

OBRA: UNHA E TRES CADEIRAS

AUTOR: Joseph **KOSUTH** (1945)

CRONOLOXÍA: 1965

ESTILO: Conceptual

MATERIAIS: Fotografía en branco e negro, cadeira e texto

LOCALIZACIÓN: Reina Sofía, Madrid



A ARTE CONCEPTUAL

A Arte Conceptual é unha corrente experimental nada nos anos 60. Trátase dunha arte interesada polas ideas, ás que considera o motor e a esencia da obra de arte. Non importa tanto o obxecto representado como as ideas que se queren representar. Inclúe tanto as obras realizadas con materiais de escaso valor como os artistas que realizan exhibicións de si mesmos. Para a Arte Conceptual, os obxectos que nos rodean e cos que interactuamos cada día son os que crean o mundo. Pero ditos obxectos non existen ata que non lles damos un nome ou unha explicación. Non forman parte da nosa vida ata que non adquiren un significado, pasando así do mundo das ideas a formar parte do noso entorno. Esta reflexión xa a plasmara no seu momento o dadaísta Marcel Duchamp, que apostara por presentar os obxectos como ideas e crear arte a partir deles. Para os expertos, Duchamp e os seus *ready-made* foron a orixe da Arte Conceptual do S.XX.

Neste marco, na Arte Conceptual prevalece a visión dos obxectos como a idea do mesmo, como elementos conceptuais sobre a súa representación física ou a propia realización artística. Deste xeito, a exhibición final da obra carece de valor respecto ao proceso creativo e á elaboración da obra, así como os produtos intermedios (bosquexos, apuntamentos). É a Arte Conceptual unha forma de expresión onde os obxectos presentados invitan á estimulación intelectual do espectador, destacando na obra de arte esta capacidade de estimulación sensorial. Os medios utilizados para esta finalidade son o texto, a fotografía ou o vídeo, os cales presentan todas as características necesarias para levar a cabo a misión de que a idea tras a obra é máis importante que a obra en si.

Entre os representantes da Arte Conceptual destacan Yoko Ono (do grupo *Fluxus*) e Joseph Kosuth, que é un dos pais do conceptualismo. Artista estadounidense formado na filosofía e na antropoloxía, o seu traballo está influenciado polas ideas artísticas de Duchamp e dos filósofos Wittgenstein e Ayer. Unha das preocupacións fundamentais do artista é a disrupción entre as palabras e os obxectos definidos por estas, descubriendo que a realidade se atopa na linguaxe (a única que permite coñecer e comunicar a realidade). Deste xeito, Kosuth aplicou as teorías da linguaxe á arte: as ideas e os significados dos obxectos pasan a formar parte da propia obra artística, adoptando o paso da aparencia ao concepto, e reivindicando o proceso mental para chegar a un resultado artístico, destacando que a arte é moito máis que a presentación de obxectos decorativos. Despois do seu período de formación académica, Kosuth desenvolve a súa teoría artística, converténdose nun dos líderes da Arte Conceptual, cunha clara intención de liberar a arte do encaideamento ao que son sometidas as formas, que o reducen a meras aparencias. Rexeita absolutamente a produción e o mercantilismo das obras de arte, reducindo estas á mínima expresión obxectual (Conceptualismo).

Entre 1966 e 1969, Kosuth establece o paradigma da arte conceptual en varias publicacións, tomando como esencia de meditación a linguaxe e a representación a través da mesma, expoñendo unha visión intelectual da arte como unha concepción filosófica e lingüística (*"A arte é, de feito, a definición da arte"*). Reivindica a Duchamp como o verdadeiro creador da revolución artística, e aborda a arte como un proceso intelectual con elementos que adquiren corpo no mundo real mediante o uso de textos, transformando e

desmaterializando a aquela. Esta desmaterialización da arte é o arranque do conceptualismo da segunda metade do S.XX, outorgándolle toda a importancia á idea, e sometendo ao soporte da mesma a algo totalmente prescindible.

COMENTARIO

Os obxectos que nos rodean, aqueles cos que interactuamos cada día son os que crean o mundo. Pero estes obxectos non forman parte do noso mundo, non existen como tal ata que non lles damos un nome, unha explicación; non forma parte das nosas vidas ata que non adquiren un significado e, desta maneira, pasa do mundo das ideas para formar parte da nosa contorna.

One and Three Chairs (*Unha e tres cadeiras*) considérase unha das primeiras obras conceptuais que o artista concibiu, seguindo un criterio que el mesmo cualificou como “antiformalista” e que, cun sentido tautolóxico, aproxímase a unha mesma reflexión desde tres perspectivas diversas: mediante o obxecto (a cadeira), a súa representación (a fotografía da mesma cadeira), e dous elementos lingüísticos (a palabra que designa ao obxecto e a súa definición). Kosuth chama dese modo a atención sobre un triple código de aproximación á realidade: un código obxectual, un código visual e un código verbal (referente, representación e linguaxe). Trátase dunha obra emblemática do xérmolo da arte conceptual que algúns críticos consideraron, en contradición coas intencións de Kosuth, un exemplo de formalismo.

A partir de 1965, Kosuth comeza coas súas “pre-investigacións”, das que xorde a que foi con todas probabilidade a súa obra máis soada, *Unha e tres cadeiras* (*One and Three Chairs*, 1965). Con só vinte anos crea a que se considera primeira instalación conceptual. Nela presentou unha cadeira plegable, unha fotografía desta cadeira a tamaño real e un letreiro coa definición do termo “cadeira” obtida no dicionario.

Con esta obra, o artista conceptual pon de manifesto que non é necesaria a creación dos obxectos; resulta suficiente a definición dos mesmos. Coa elección de obxectos cotiáns, neste caso unha cadeira (en principio sen ningún tipo de vinculación coa arte), Kosuth converte o obxecto en arte e consegue afastalo de calquera connotación decorativa. Con todo, a través desta obra xera un concepto global: o obxecto, a súa representación e a definición. Na obra confróntanse tres situacións cun vínculo lingüístico. Parece estar a preguntarnos se é un mesmo elemento ou se son tres situacións diferentes. Proponse falar da realidade tratando de captar a natureza conceptual da obra de arte a través da linguaxe, contribuíndo á redución do obxecto a un mero elemento decorativo e expoñendo o seu componente filosófico e intelectual.

O propio artista sinalou que “A arte que eu denomino conceptual o é porque se basea nunha investigación ao redor da natureza da arte”. Coa obra *Unha e tres cadeiras* comeza o estilo antiformalista; o uso dun código aproxímase á realidade a través dunha mesma reflexión desde perspectivas distintas. Trátase dun código dobre cun compoñente visual e verbal. Na súa reacción contra o formalismo, separando entre estética e arte, a definición de obra e arte polo propio autor, non deixa lugar a dúbidas do que pretende coa súa obra: “As obras de arte son proposicións analíticas. É dicir, se son vistas dentro do seu contexto –como arte– non proporcionan ningún tipo de información sobre ningún feito. Unha obra de arte é unha tautoloxía por ser unha presentación das intencións do artista, é dicir, o artista está a dicirnos que aquela obra concreta de arte é arte, o cal significa que é unha definición da arte. Por iso, que é arte é xa unha verdade a priori (...) se alguén di que é arte o é”.